



A tradición oral como fonte de información sobre as rutas xacobeas: o exemplo das cántigas populares e o Camiño Inglés¹

Henrique Neira Pereira²

Recibido: 2 de febreiro de 2022 / Aceptado: 10 de xuño de 2022

Resumo. As coplas e cántigas populares galegas que se conservan aínda na tradición oral e que en moitos casos xa recollen dúcias de cancioneros abordan temas moi diversos. Entre as máis frecuentes están sen dúbida aquelas que mencionan unha cidade, unha vila ou unha localidade, e dentro destas son abondosas as que as relacionan cun camiño que pasa por alí. Tampouco faltan composicións con referencias a unha localidade como punto de paso para Santiago, como destino de peregrinación ou simplemente como destino dunha viaxe –se cadra para ir a unha feira ou a un mercado–. Xuntando todas as cántigas que puidemos atopar sobre os temas indicados e repasando as orixes desta modalidade lírica, neste artigo quixemos compilar un pequeno cancionero sobre as localidades galegas do Camiño Inglés e mostrar a súa relevancia como fonte de información sobre o trazado das rutas xacobeas. Non se trata, por tanto, dun cancionero exclusivamente sobre peregrinacións, senón sobre os puntos de paso dos camiños que seguían as persoas que peregrinaban e o resto de camiñantes que os empregaban por calquera outro motivo.

Palabras chave: tradición oral; literatura oral; Camiño de Santiago; Camiño Inglés.

[es] La tradición oral como fuente de información sobre las rutas jacobeanas: el ejemplo de las cántigas populares y el Camiño Inglés

Resumen. Las coplas y cántigas populares gallegas que aún se conservan en la tradición oral y que en muchos casos ya recogen docenas de cancioneros abordan temas muy diversos. Entre los más frecuentes están sin duda los que mencionan una ciudad, un pueblo o una localidad, y dentro de estos hay muchos que los relacionan con un camino que pasa por allí. Tampoco faltan composiciones con referencias a una localidad como punto de paso para Santiago, como destino de peregrinación o simplemente como destino de un viaje –quizás para ir a una feria o a un mercado–. Reuniendo todas las cántigas que pudimos encontrar sobre los temas indicados y repasando los orígenes de esta modalidad lírica, en este artículo hemos querido recopilar un pequeño cancionero sobre las localidades gallegas del Camino Inglés y mostrar su relevancia como fuente de información sobre el trazado de las rutas jacobeanas. No se trata, por tanto, de un cancionero exclusivamente sobre peregrinaciones, sino sobre los puntos de paso de los caminos que seguían las personas que peregrinaban y el resto de caminantes que los empleaban por cualquier otro motivo.

Palabras clave: tradición oral; literatura oral; Camino de Santiago; Camino Inglés.

[en] Oral Tradition as a Source of Information on the Jacobean Pilgrimage Routes: the Example of Folk Songs and the English Way

Abstract. The Galician folk songs that are still preserved in the oral tradition and that in many cases are already included in dozens of songbooks deal with very diverse topics. Among the most frequent are undoubtedly those that mention a city, a town or a locality, and within these there are many that relate them to a path that passes through there. There is also no lack of compositions with references to a town as a waypoint for Santiago, as a pilgrimage destination or simply as a destination for a trip –perhaps to go to a fair or a market–. Bringing together all the songs that we could find on the indicated topics and reviewing the origins of this lyrical modality, in this article we wanted to compile a small songbook about the Galician towns of the English Way and show its relevance as a source of information on

¹ Unha versión máis breve deste artigo co título “Indo para Santiago. Cántigas populares sobre as localidades galegas do Camiño Inglés” obtivo en 2019 o Premio de investigación sobre o Camiño Inglés do Concello de Oroso. O texto desa versión permanece inédito.

² Consellería de Educación, Xunta de Galicia.
Correo-e: henriqueneira@edu.xunta.gal. ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-1575-2235>.

the layout of the Jacobean routes. It is not, therefore, a songbook exclusively about pilgrimages, but about the crossing points of the paths followed by the people who made the pilgrimage and the rest of the walkers who used them for any other reason.

Keywords: Oral Tradition; Oral Literature; The Way of Santiago; The English Way.

Sumario. 1. Introducción. A lírica medieval e o Camiño. 2. Cántigas e coplas. 3. Os cancioneros. 4. As rutas do Camiño Inglés. 4.1. Ruta Ferrol-Bruma. 4.1.1 Ferrol. 4.1.2. Narón, Neda, Fene e Cabanas. 4.1.3. Pontedeume. 4.1.4. Miño. 4.1.5. Paderne. 4.1.6. Betanzos. 4.1.7. Abegondo. 4.2. Ruta A Coruña-Santiago. 4.2.1. A Coruña. 4.2.2. Culleredo. 4.2.3. Cambre. 4.2.4. Carral. 4.2.5. Abegondo e Mesía. 4.2.6. Ordes. 4.2.7. Oroso. 4.2.8. Santiago de Compostela. 5. Coplas sobre camiños e peregrinacións. 6. Conclusións. 7. Referencias bibliográficas.

Como citar: Neira Pereira, Henrique (2023): “A tradición oral como fonte de información sobre as rutas xacobeas: o exemplo das cántigas populares e o Camiño Inglés”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 26, e104517, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.104517>.

1. Introducción. A lírica medieval e o Camiño

Na lírica peninsular medieval, especialmente no que hoxe definimos como lírica medieval galego-portuguesa –composicións en verso de temas determinados coma as cántigas de amigo ou de amor que xorden desde o primeiro terzo do século XII–, atopamos desde moi cedo composicións relativas ó apóstolo Santiago e ós Camiños a Compostela. Francisco Singul (1999: 210-218) pon de relevo o feito de que “o culto a Santiago e a engrenaxe cultural creada a carón da peregrinación xacobeas foron tamén fonte de inspiración –ademais de canle de comunicación, xerador desta creatividade– para algúns trobadores”.

Así, o trobador Airas Nunes de Santiago é autor no século XIII dunha cantiga na que fala da peregrinación do rei Fernando III, que sería acumado O Santo; nela, “unha moza compostelá alégrase da peregrinación do rei porque así poderá velo a el e ó seu amigo (amado) e cónallo a súa nai” (*Ibid.*: 215-216):

A Santiagu’ en romaria ven
el rei, madr’, e praz-me de coraçom
por duas cousas, se Deus me perdom,
em que tenho que me faz Deus gram bem:
ca verei i el rei, que numca vi,
e meu amigo que vem con el y.

Existen ademais outras cantigas sobre peregrinaxes xacobeas da autoría de Paio Gomez Charinho ou Arias Corpancho, e mesmo se fala

das peregrinacións nas *Cantigas de Santa María* compostas na corte de Afonso X o Sabio. Ademais, consérvanse composicións épicas que fan referencia ó apóstolo Santiago, coma a *Historia Karoli Magni et Rotholandi* –*Historia de Carlomagno e Roldán*– que aparecerá recollida no libro IV do *Códice Calixtino*, do século XII, ou o *Poema de Fernán González*, do século XIII (*Ibid.*: 210-218).

Se ben hoxe é coñecida a autoría de moitas das composicións da rica lírica medieval galego-portuguesa, tamén hai composicións anónimas. É posible que de moitas se perdesen o dato da autoría, pero seguramente algunhas poderían encadrarse no que chamamos poesía popular, aquela que obviamente ten autores e autoras, pero que se difunde sen prestarlle atención á autoría, posiblemente –entre outras razóns– porque as persoas que creaban as composicións non disporían de medios para fixalas por escrito –lembramos que a gran maioría da poboación galega na Idade Media non tiña acceso a coñecementos hoxe básicos como ler ou escribir–.

Un interesante documento histórico que recolle unha composición popular cantada no Camiño de Santiago xa no século XV é o caderno de viaxe de Willian Wey, profesor do Eton College inglés, que a escribiu dentro do relato da súa peregrinación a Santiago no 1456. Wey peregrinou desde Inglaterra seguindo o Camiño Inglés e chegou en barco á Coruña (que denomina Grwne) para despois dirixirse a Compostela. No relato da súa peregrinación transcribe –acompañando a letra de anotacións sobre a música– o que cantaban os rapaces ó pedirllas esmola ós visitantes da cidade do Apóstolo (Wey 1857: 156):

Sancte Jaco a Compostel da vose leve a
[votir tere,
Sancte Jaco bone varon de vose da de bon
[pardon,
Bona tempe, bona vye, bona vente, bon
[perpassi,
Da istys kee svnt assen vna brank a vowse
[curtese.

O estudoso Wey recolle as palabras que escoltiu como lle soaban e a profesora Elisa Ferreira Priegue propón a seguinte adaptación conforme as características do galego medieval (1988: 580):

Santiago de Compostela já vos leve á vosa
[terra,
Santiago boo barón, já vos dé boo perdón,

Boo tempo, boa vía, boo vento, boa
[travessía,
Dade a estes que son cá unha branca á
[vossa cortesía.

Estes catro versos poderían converterse en oito se os partimos, como se fosen as coplas que aínda se cantan e se recordan por moitas persoas hoxe en día, mesmo formando cántigas máis complexas, ou sexa que a orixe das modernas coplas populares pode situarse xa no século XV.

2. Cántigas e coplas

O *Dicionario da Real Academia Galega* define como ‘composición en verso á que se lle pon música para ser cantada’ a cántiga, que case sempre é composta a partir da estrutura da copla, que a mesma fonte define como ‘Composición poética, polo xeral de catro versos, para ser cantada’, e que sen dúbida constitúe un dos elementos característicos da poesía popular galega dos últimos séculos.

Consultando os catálogos de diversas bibliotecas galegas observamos que son xa dúcias os volumes que recollen compilacións de cántigas –a maioría delas construídas a partir da estrutura de catro versos oitosílabos, que cremos é a máis popular das coplas–. Figuran recollidas en moitos destes cancioneiros e mantéñense aínda vivas na tradición oral unha serie de composicións que comezan co primeiro verso ‘Indo para Santiago’ e que en ocasións conteñen referencias a distintos lugares situados ás beiras dos camiños que levan á capital galega.

Este inspirador verso levounos a pensar que ademais destas podería haber outras cántigas con referencias a eses lugares e ó mesmo tempo ós camiños que os atravesaban, entre eles as rutas xacobeas, pero tamén facendo referencia a outras visitas a esas localidades por motivos como feiras ou festas; igualmente pensamos que podería haber algunhas outras con referencias máis xenéricas ás peregrinacións, de xeito que combinando unhas e outras poderíamos xuntar un pequeno cancioneiro do Camiño Inglés, como mostra da importante fonte de información que pode ser a tradición oral á hora de confirmar a antigüidade do trazado dunha ruta xacoba ou de calquera camiño antigo. Esta compilación non aspira a ser exhaustiva, pois como indicamos son xa dúcias os cancioneiros existentes e a eles poderíamos sumarlles unha fonte moi importante aínda pouco explotada: a prensa dixitalizada en diversas plataformas, na

que é posible atopar pequenas coleccións de cántigas sobre certos lugares ou temas.

Con todo, cremos que a presente escolma pode servir para amosar unha vez máis a importancia da poesía popular de tradición oral en toda a xeografía galega e como nela quedou reflectida a relevancia das peregrinacións xacobeas e de distintas localidades como puntos clave na rede de camiños con destino a Compostela, nos que poder xantar ou descansar.

Malia que as guerras europeas e os conflitos relixiosos fixeron que despois do século XV se organizaran escasas peregrinacións desde Inglaterra ou Francia seguindo o Camiño Inglés, hai que lembrar que aínda así, con maior ou menor afluencia de xentes, continuaban as peregrinaxes desde distintos puntos de Galicia. Así, Marcial Valladares escribe en 1867 unha composición poética que titula *A romería a Santiago de Compostela*, na cal describe os distintos puntos por onde entraban na cidade —aínda existían portas e postigos para cruzar a muralla— os peregrinos que seguían as distintas rutas, e sobre o Camiño Inglés di (Luna Sanmartín 2003: 198):

E camiño da Coruña,
Coma un exército amigo,
Da Algalia polo postigo
Unha mecha infinidá.

3. Os canceioneiros

Para redactar este traballo consultamos dúcias de cancioneros que inclúen coplas e cántigas procedentes de informantes de distintos puntos de Galicia ou que son unha compilación de composicións que permanecían inéditas ou que foran publicadas ás veces hai máis dun século. Non atopamos en todos textos que nos serviran para este traballo, aínda que si encontramos o que buscábamos en catorce coleccións. Quitando a cántiga que cita William Wey, as máis antigas recompiladas son as que presenta Domingo Blanco, que revisou varios textos de gran valor histórico datados entre 1745 e 1885.

Marcial Valladares, desde Vilancosta (San Vicente de Berres, A Estrada) xuntou en varias etapas, desde 1867, un bo feixe de composicións, sobre todo da comarca natural da Ulla, pero entre elas hai algunhas da zona que estudamos nesta ocasión. Juan Antonio Saco y Arce puxo por escrito as que escoitaba arredor de 1869, o mesmo que José Casal y Lois.

José Pérez Ballesteros publica desde 1884 unha gran colección de cantares, sobre todo da

provincia da Coruña, achegando moitos da capital provincial e da súa contorna, o que nos permitiu cubrir amplos tramos da ruta entre a cidade herculina e Compostela. Manuel Milà y Fontanals recolle de diversas fontes galegas unha interesante selección que publica en 1877, mentres José Leite de Vasconcellos publica en 1902 en Lisboa unha boa colección e en 1919 saen na revista *Ultreya* un par de páxinas tituladas “Santiago en las coplas” nas que a cidade e o Camiño son protagonistas.

Moito máis recentes son as compilacións de Carme Hermida (2003) sobre o mar, Ramón Sánchez sobre Ferrolterra (1993 e 1995), Xosé Paz sobre Pontedeume e a súa contorna (catro volumes que saíron entre 1994 a 2017), Manuel Quintáns (tres volumes, no 2000) sobre Fisterra e as terras próximas, Henrique Neira e Charo Baleirón (dous volumes, no 2010) sobre a comarca da Ulla e Xosé Manuel Sánchez sobre A Coruña (2017).

Estas foron as achegas principais nas que baseamos a nosa escolla entre a rica tradición oral das terras galegas.

4. As rutas do Camiño Inglés

O Camiño Inglés, tal como está delimitado na actualidade, comprende dúas rutas principais que en terras galegas discorren pola provincia da Coruña e que comezan en Ferrol (110 quilómetros ata Santiago) e na Coruña (74,9 quilómetros á mesma cidade) e que na delimitación oficial conflúen pouco antes de San Lourenzo de Bruma (Mesía), compartindo o último tramo, de 41,3 quilómetros (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria 2014). No noso repaso ás cántigas imos presentalas seguindo a orde dos concellos e localidades que atravesamos o camiño no tramo Ferrol-Bruma e a continuación recolleremos as referidas a lugares do tramo A Coruña-Santiago de Compostela, pois desde Bruma o último treito da ruta ata Compostela é idéntico desde calquera dos dous puntos de partida, como quedou dito.

4.1. Ruta Ferrol-Bruma

4.1.1. Ferrol

En varias das cántigas sobre esta cidade fálase de portas: a de Canido e a de Caranza, dúas das que existían na muralla que rodeaba o Ferrol Vello, e que daban acceso a senllos camiños que comunicaban a cidade, así como tamén se menciona nunha delas a rúa Real, unha das principais e situada no Barrio da Magdalena.

As coplas máis antigas na cidade departamental sobre os temas que analizamos son as dos tres volumes que en 1886 publica José Pérez Ballesteros, das que vemos aquí a primeira (1886: II, 39-40):

Ónd’ides, amores meus,
os d’a Porta de Caranza ⁽³⁾
¡ai! que m’os levóu o vento
co-a fragata Numancia. ⁽¹⁾

(3) En el Ferrol.

(1) Última nave que mandó el valiente marino Méndez Núñez y primera de las acorazadas que han dado la vuelta entera al mundo. En el combate del Callao llevó la insignia de aquel Almirante, hijo de Galicia.

Velaquí outras dúas do mesmo cancionero sobre Ferrol (*Ibid.*: 115 e 251):

Adiós, parque d’o Ferrol,
dentro me queda unha rosa,
e no-n-a podó ir á ver
qu’está a mar peligrosa.

N’a porta de Canido ⁽⁴⁾
me pisache-lo pé,
me chuscache d’ollo ⁽⁵⁾
xa che sei o que é.

(4) En el Ferrol.

(5) Chuscache d’ollo: guiñaste el ojo.

Unha variante en castelán recóllea Xosé Paz (1998: 25) en Boado (Mugardos):

Al pasar por Canido
me pisaste un pié,
me chuscastis el ojo
yo bien sé lo qui és.

Igualmente Xosé Paz recolle esta composición formada por tres coplas, á que lle atribúe indubidable orixe ferrolá. Temos que lembrar que nas portas das murallas se inspeccionaban as mercadorías que entraban nas cidades para que pagasen os correspondentes impostos, de aí o sentido desta cántiga (*Ibid.*: 68):

POLA PORTA DE CANIDO

Pola Porta de Canido a min ayer
non me deixaron pasar,
porque dicen que levaba
unha galiña no delantal.

Rás, con los cataplaces,
rás, que son bos.
Rás, para que lles dean:
lacós, lacós.

Desgraciadiño do que non ten
un laconciño pa regalar,
que se contente ben co que ten
e que non pense xa de aumentar.

Sánchez Dopico (1993: 33) recolle estoutra cántiga datada en 1910 e titulada “Os labregos”, dentro da sección ‘Popurris muy ferrolanos’:

Cando os labregos chegamos
era sábado e chovía
no camiño nos mollamos
e un, morreu de pulmonía

Entramos na calle Real,
un guardia chamounos “mokas”
porque íbamos a desempedrar
a mellor calle coas zocas.

Máis recente debe ser esta (*Id.*):

Al entrar en las calles de El Ferrol
salimos todos juntos en tropel,
mas viendo la limpieza que hay en él
se nos figura estar allá en el sol.

Señores concejales, que vais a la Alcaldía,
trabajais noche y día por esta población
mas esto se ha acabado, el pueblo consentido
los guardias con el pito, pirribi, pirribi, pi, pi

O mesmo autor (*Ibid.*: 102) reproduce esta cántiga que clasifica como ‘Canción de comparsa’:

Cando chegamos a Vila
po la rua Real
vimos os señoritos
metidos nun portal

Elas muy empolvadas
asomadas ó balcón
falando po los dedos
palabriñas de amor

4.1.2. Narón, Neda, Fene e Cabanas

Aínda que si están recollidas nalgúns cancioneiros coplas sobre localidades por exemplo de Neda ou de Cabanas non conseguimos atopar ningunha relacionada cun camiño ou ruta, polo que debemos saltar este tramo do Camiño Inglés para continuar en Pontedeume.

4.1.3. Pontedeume

A única copla propiamente de Pontedeume foi recollida por Pérez Ballesteros no seu cancioneiro e posiblemente se refire á ponte do ferrocarril (1886: III, 139):

Pontedeume, Pontedeume,
ponte de fino metal;
quen che puxo Pontedeume
non te soupo bautizar.

4.1.4. Miño

A máis antiga das composicións con mencións a localidades deste concello tamén a recolleu Pérez Ballesteros (1886: II, 147), refírese á localidade de Viadeiro (parroquia de Santa María de Castro):

A costa de Viadeiro
chàmanlle “*pásaa con día*”
¡o que a pasa pol-a noite
necesita compañía!

Outra copla sobre esta costa recóllea modernamente Xosé Paz (1998: 80):

A subila e a baixala,
a costa de Viadeiro, (*Leiro-Miño*)
a subila e a baixala
perdín o meu cinguideiro.

A Ponte do Porco é protagonista doutras coplas. Trátase dunha localidade situada nas dúas beiras dunha ponte sobre o río Lambre: as casas da marxe esquerda pertencen á parroquia de Santa María de Miño e concello de Miño, e as da parte dereita á de San Pantaleón das Viñas no concello de Paderne; a efectos prácticos incluímos a información neste apartado sobre o concello de Miño. O nome desta ponte débese á cabeza de xabarín esculpida na ponte primitiva, pois o xabarín era un dos símbolos de Fernán Peres de Andrade o Boo, señor de Pontedeume, Ferrol e Vilalba entre 1371 e 1397, quen ademais de promover a construción desta ponte tamén fixo construír a de Pontedeume – entre Pontedeume e Cabanas –, a de Xuvia – entre Narón e Neda – e a Ponte Sigüeiro sobre o Tambre entre Oroso e Santiago, da que tamén hai coplas e da que falaremos despois.

Pérez Ballesteros (1886: II, 258) recolle no seu cancioneiro estas coplas sobre A Ponte do Porco:

Paséi a Ponte d’o Porco ⁽¹⁾
boteill’a man po-l-o lombo:

San Antonio te defenda,
porquiño, ¡que estás ben gordo!

(1) Pueblecillo del distrito de Puente deume.

Paséi a ponte d'o *Porco* ⁽²⁾
boteille a man pol-o lombo:
San Antonio te defenda
¡porquiño, cáse estás gordo!

(2) Arriba de Betanzos.

Xosé Paz (1998: 94) reproduce dúas con lixeiras variantes, as dúas foran publicadas orixinalmente nunha compilación por Ed. Castrelos:

Pasei a Ponte do Porco,
paséille a man polo lombo;
meu devino San Andrés,
o voso camiño é longo.

Paséi a Ponte do Porco,
botéille a man polo lombo,
San Antonio te defenda
porquiño, que estás ben gordo.

4.1.5. Paderne

Ademais das coplas sobre A Ponte do Porco que une Miño e Paderne, Pérez Ballesteros recolle no seu cancionero (1886: II, 260) esta copla sobre Paderne que aínda que non fala de camiños directamente si ten unha referencia implícita á viaxe (marchen):

Rapaciñas de *Paderne*, ⁽¹⁾
irés amañando os ovos, (iréis)
cando os canteiros se marchen
ha d'haber canteiros novos.

(1) Partido judicial de Betanzos.

4.1.6. Betanzos

José Pérez Ballesteros recolle no seu cancionero (1886: I, 116) esta copla onde menciona varias localidades próximas a Betanzos e a despedida delas, se cadra por unha migración estacional, coma a da sega no verán, ou por emigración a algún lugar afastado. Lourido podería ser O Lourido en San Cosme de Nogueirosa (Ponte deume) e Fontán en Santa María de Sada (Sada):

Adiós, *Betanzos* e *Sada*,
adiós, *Lourido* e *Fontán*,
adiós, meniñas de *Ares* ⁽⁴⁾,
logo teño d'ir alá.

(4) Todos estos pueblos son de la provincia de la Coruña, partidos judiciales de Betanzos y Puente deume.

En calquera caso tamén reproduce (*Ibid.*: III, 132) un par de coplas nas que se presenta Betanzos como lugar de paso, como veremos unha delas é semellante a outra sobre Santiago:

A viliña de Betanzos
dà de comer á quen pasa;
si cartos leva n-a bolsa
pan de trigo haino n-a praza.

Betanzos é boa vila
da de comer á quen pasa;
levando cartos n'o peto
pan de trigo haino n-a praza.

Finalmente recolle esta copla que seguramente faría referencia a unha feira na parroquia betanceira de Santo Estevo de Piadela:

A miña galiña branca
tróguena de *Piadela*; ⁽¹⁾
o galo d'o meu viciño
non me sale *cabo* d'ela (cave)

(1) San Esteban de Piadela, parroquia del partido de Betanzos.

4.1.7. Abegondo

No lugar chamado A Calle, na parroquia de Santa María de Sarandós, temos un testemuño histórico da relevancia do camiño que atravesaba a localidade. Trátase da chamada Casa de Filipe II ou Pazo de Barral, construída na primeira metade do século XVI; na fachada lémbrese que nela fixo noite o Rei Filipe II de España, para embarcar desde a Coruña cara a Inglaterra e casar coa súa tía, a raíña María Tudor. Os dous lados do escudo coas armas reais lese: “FELIPE II ESTUBO EN ESTA CASA ANO 1554”³. Saco y Arce recolle dúas coplas que reforzan a importancia deste punto no camiño (Blanco Pérez 1992: I, 300 e II, 203):

³ Véxase: Sarandós, Abegondo, en *Galipedia*: https://gl.wikipedia.org/wiki/Sarandós,_Abegondo [consulta: 31/12/2022].

Pasei a Calle de Sarandós,
paseina de madrugada,
topei un anillo d'ouro
cunha cinta colorada.

A calle de Sarandós
de noite parece día,
ten a vela na entrada,
o caravel na saída.

A localidade é ademais mencionada por Pérez Ballesteros (1886: Tomo II, 147):

A calle de Sarandones ⁽¹⁾
paséin-a de madrugada
topéi un anillo d'ouro
n-unha mazán colorada.

(1) Ayuntamiento de Carral, partido judicial de la Coruña.

A maiores, Pérez Ballesteros recolle no seu cancionero outra copla (1886: III, 158) na que menciona dúas localidades máis, a segunda das cales non figura hoxe no nomenclátor oficial:

Hei de facer unha ponte
toda de *achiñas* meúdas (rajas de leña)
para pasear as *meigas* (brujas)
de *Leiro* ⁽²⁾ para *Cas-Xudas*. ⁽³⁾

(2) Leiro, de Santa Eulalia de Abegondo, partido judicial de Betanzos.

(3) Cas-Xudas llaman á un sitio de San Tirso de Abegondo, en el mismo partido judicial.

4.2. Ruta A Coruña-Santiago

4.2.1. A Coruña

José Pérez Ballesteros recolle no seu cancionero un bo feixe de coplas que falan de distintos puntos da cidade herculina e da súa contorna, algúns deles integrados hoxe plenamente na zona urbana do concello, pero que a finais do século XIX eran aínda lugares do rural como Palavea (1886: III, 101):

Adiós, calle d'o *Portazgo* ⁽⁴⁾
c'-as tuas *cadeas de bronce* ⁽⁵⁾
adiós *Petra de Cordal* ⁽⁶⁾
hastra *mañana á las once*.

(4) De Palavea, partido judicial de la Coruña.

(5) Cadenas que, antes de suprimir los portazgos, se ponían de noche para interrumpir el paso.

(6) Simple vecina que existió en dicho punto hace más de cuarenta años.

Velaí o comezo da ruta desde Palavea, recollida polo mesmo autor en dúas coplas (*Ibid.*: 123):

Palavéa y o *Portazgo*,
Pedralonga y o *Areal*,
vivan con *Río de Quintas* ⁽¹⁾
o pé d'o camiño real.

(1) Todos á una legua de la Coruña, en la carretera que desde este punto va para Santiago.

Paséi por Río de Quintas ⁽⁸⁾
caladiño com'un rato
para que non me pegasen
as neniñas d'o Portazgo.

(8) Parroquia de Elviña en la carretera de la Coruña á Santiago, á 6 kilómetros de la Coruña.

Obsérvase a identidade rural a finais do século XIX dunha área hoxe urbana (Pérez Ballesteros 1886: II, 146-147; III, 129; II, 62)

Aldea de Palavea,
de noite paséi por ela;
alumbroume San Vicente ⁽¹⁾
d'o seu altar c'unha vela.

(1) Patrón de la parroquia de Elviña, cerca de la Coruña. Este cantar es casi igual al número I de esta sección.

⁽³⁾ A aldea de Palavea
de lonxe parece vila,
ten corredoira n-a entrada
e un soto sin saída.

(3) Hay varios cantares iguales, con la sola variación del nombre del lugar, que se suprimen: se ponen aquí los que ofrecen más variación. En el presente se afirman dos circunstancias que efectivamente tiene el lugar de Palavea.

N'aldea de Palavea
non entra carro ferrado, (con herrajes)
sinón o de Mantiñán
c'unha porca pol-o rabo. (cerda)

O mesmo autor tamén nos achega datos de Monelos, hoxe zona urbana (*Ibid.*: I, 153):

Pol-a ponte de Monelos ⁽²⁾
vintecinco xastres van
cada un con unha fouce
para matar unha ran.

(2) Inmediato á la ciudad de la Coruña.

E mesmo de Santa Margarida, aínda que é dubidoso este microtopónimo (*Ibid.*: III, 44):

Cando vou para a Coruña
vou por Santa *Margarita*, ⁽¹⁾
si meu pai quère ser bô
que se quite d'a perrita⁴.

(1) En gallego se dice con más propiedad *Margarida*.

Velaquí dúas cántigas sobre unha rúa que daquela se consideraba que estaba lonxe do centro da Coruña (*Ibid.*: II, 74 e III, 41):

Fun po-la calle d'o Monte ⁽¹⁾,
non sei si ch'o conte,
pero vouch' á contar:
as nenas d'o *cu cosido* ⁽²⁾
¡Dios mío querido,
non poden andar!

(1) Arrabal de la Coruña.

(2) Vestidos sin vuelo usados por las damas durante los últimos lustros.

Paséi po-l-a calle d'o Monte, ⁽¹⁾
si quès que ch'o conte
ch'o vou a contar:
estaba unha nena sentada
que está xa cansada
de tanto bailar,
e que seeee vai á casar.

(1) Arrabal de la Coruña.

Aínda recolle o autor máis referencias á cidade herculina (*Ibid.*: II, 115 e 263):

A Coruña ⁽²⁾ ben me quere,
a calle *Real* ⁽³⁾ me chama;
¡nenas de Santa Lucía
dícenme que non me vaya!

(2) *Coruña*, capital de la provincia del mismo nombre. Las que hoy se consideran propiamente de Galicia son las de la

Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra.

(3) Dicha calle y el barrio de Santa Lucía citados en esta copla pertenecen á la Coruña. En Santa Lucía habita con preferencia la marinería.

Vindo por Santa Lucía ⁽¹⁾
un señor de tricornio
n-os fixo parar ⁽²⁾
que c'o bastón levantado
á dereita e esquerda
queríanos pegar.
¡Eeeera un muuniii-cipal! ⁽³⁾

(1) Barrio de Santa Lucía de la Coruña.

(2) Por la aglomeración de gentes que fueron en 1883 á esperar al rey á la estación del ferrocarril de la Coruña, situada en Puente Gaiteira.

(3) Se cantaba con la misma música que los cantares número 17 y 37.

Unha das coplas recollidas por Pérez Ballesteros (*Ibid.*: I, 122) segundo Sánchez Rei (2017: 83) fai referencia a un lugar da Coruña próximo á estrada vella de Santiago de Compostela, Castiñeiro Redondo, hoxe englobado na zona coñecida como Catro Camiños. Como curiosidade tamén existe unha localidade homónima na parroquia de San Xoán de Calvente, no concello de Oroso:

Indo para Santiago
en Castiñeiro redondo,
acordáronsem'as nenas
¡abofé, seique me volvo! (en verdad).

Con escasas variantes, aparece reproducida na revista *Ultreya* (Anónimo 1919: 16-17):

Indo eu para Santiago
en Castiñeiro redondo,
acordáronseme as nenas,
abofé seique me volvo.

Pola súa parte, Sánchez Dopico (1995: 463) recolle esta composición que combina tres coplas populares:

“Alalá da Coruña”

Indo para Santiago,
ó bicar Monterredondo,

⁴ Esta Santa Margarida puidera non ser a zona do actual parque do mesmo nome da Coruña, senón Santa Margarida de Montemaior na Laracha.

acordáronseme as nenas:
abofé, sei que me volvo.

Miña nai, miña naiciña,
como a miña nai, ningunha,
que me quantaba a cariña
co calorciño da súa.

Non quero ser muiñeiro
nin barrer o tremiñado,
porque sei que no outro mundo
piden contas do roubado.

4.2.2. Culleredo

De novo as cántigas máis antigas son as que lemos no cancionero de Pérez Ballesteros. A primeira copla (1886: I, 116) menciona as localidades do Burgo, en Culleredo, e da Pasaxe, na Coruña; a Virxe da Pastoriza supoñemos que será a que protagoniza a romaría do mesmo nome no concello de Arteixo (García 2017). A segunda copla (1886: I, 119) recolleuna en Elviña, na Coruña, e a terceira (*Ibid.*: 121) e a cuarta (*Ibid.*: 153; recollida antes en 1884 polo autor segundo Blanco Pérez 1992: II, 316-317) supoñemos que as recollería igualmente na cidade herculina ou nas súas proximidades.

Adiós as ostras d'o *Burgo* ⁽¹⁾
e as ostras d'o *Pasaxe* ⁽²⁾
a Virxe de *Pastoriza* ⁽³⁾
nos dé á todos bo viaxe.

- (1) A 9 kilómetros de la Coruña carretera de Madrid.
- (2) Puertecillo en la entrada de la ría del Burgo.
- (3) A 6 kilómetros de la Coruña.

Á subila, á baixala,
a costa de Culleredo ⁽²⁾,
á subila, á baixala,
perdín a cinta d'o pelo.

- (2) Ayuntamiento del partido judicial de la Coruña. Sustitúyese esta palabra en varias localidades por otra de igual asonante.

Eu paséi por *Vilaboa* ⁽²⁾
por Vilaboa cantando
as nenas de Vilaboa
quedan n-o río lavando.

- (2) Cerca de la Coruña en la carretera que va á Santiago.

Paséi a ponte d'o *Burgo* ⁽¹⁾
paséina n'unha carreira:
quedan vintecinco xastres
cosendo n'unha monteira.

- (1) Santiago del Burgo, partido judicial de la Coruña.

Casal recolle esta copla que comeza de xeito similar, pero dentro dunha serie de coplas sobre a cidade de Pontevedra e localidades próximas, polo que é máis probable que faga referencia á ponte pontevedresa que á de Culleredo (2001: 145):

Pasei á Ponte d'ó Burgo,
paseina de madrugada,
topei un anillo d'ouro
c'unha cinta colorada.

Outra fermosa copla defende como tantas outras as virtudes dun lugar, neste caso unha parroquia, Santiago do Burgo, cuxo porto recibía na Idade Media naves con peregrinos para a cidade do Apóstolo (Anónimo 1919: 16-17):

¡Para Santiago do Burgo,
para o Burgo, corazón!
¡para Santiago do Burgo,
que para outro sitio, non.

4.2.3. Cambre

E non faltan referencias a viaxes non de peregrinación, senón de emigración, como esta copla recollida por Pérez Ballesteros onde se fala de tres lugares da parroquia de Santiago de Sigrás, dos que por certo Sigrás de Arriba non existe hoxe no nomenclátor de Galicia (1886: I, 116-117):

Adiós, *Sigrás* ⁽⁵⁾ d'abaixo,
adiós, *Sigrás* d'arriba,
adiós, *Sóbrecarreira*,
pra toda a miña vida.

- (5) En la carretera de la Coruña á Santiago.

Noutras ocasións as viaxes son para ir ás feiras, como esta copla que tamén recompilou Pérez Ballesteros e que menciona a da Cambre (*Ibid.*: II, 50):

Adio-l-a feira de Cambre ⁽²⁾,
feira de pérdel'o tempo;
que por ela se pasean
catro cabezas de vento.

Á subila, á baixala
a costa de *Sigüeiro*,⁽⁴⁾
á subila á baixala
con ferreñas e pandeiro.

(4) En el partido judicial de Santiago.

Fixémonos especialmente nesta recompilada polo mesmo autor (*Ibid.*: II, 172):

Indo para Santiago
n-a *ponte de Sigüeiro* ⁽³⁾,
chameill'á un vello meu sogro
¡e saleume verdadeiro!

(3) A dos leguas de Santiago, en la carretera que le separa de la Coruña.

Esta última aparece reproducida tamén na revista 'Ultreya' con mínimas variacións (Anónimo 1919: 16-17):

Indo eu para Santiago
na ponte de Sigüeiro,
chaméille a un vello meu sogro
¡e saléume verdadeiro!

Outra variante máis reproducíase Xosé Paz, cedida por Félix Tenreiro Filgueiras, quen lla recolleu a seu pai en Campolongo, supoñemos que a localidade dese nome en San Martiño de Andrade, Pontedeume (1998: 88):

Indo para Santiago,
pola costa de Sigüeiro,
chameille a un vello: ¡meu sogro!
e saleume verdadeiro.

4.2.8. Santiago de Compostela

Atopamos coplas que nos falan de como a cidade do Apóstolo acollía as xentes que participaban en peregrinacións e romaxes ou que simplemente a visitaban, aínda que algunhas son semellantes a outras que xa vimos que mencionan localidades como Betanzos (Anónimo 1919: 16-17):

Santiago é boa vila
da de comer a quen pasa;
levando cartos na balsa,
pan de trigo haino na praza.

Santiago é boa vila,
¡é boa vila tamén!
Santiago é boa vila,
da de comer a quen ten.

5. Coplas sobre camiños e peregrinacións

Como indicamos no principio, son numerosas as coplas que comezan cos versos 'Indo para Santiago' ou 'Indo eu para Santiago', pero non necesariamente falan de peregrinaxes ou romaxes, senón que contan cousas que suceden no camiño, como esta (Neira Pereira e Baleirón Sónora 2010):

Indo pra Santiago
escurripei nunha cereixa.
Escurripado que sea
quen no camiño ma deixa.

Outras en cambio si que tratan este tema. Así, na revista 'Ultreya' atopamos esta publicada en 1919 que nos amosa que as crises económicas tamén afectaban as peregrinacións e as romarías antigamente (Anónimo 1919: 16-17):

Meu Santo Apóstol Santiago,
este ano aló non vou;
pola falta dó diñeiro
moita xente se quedou.

Mais noutras ocasións a economía vai mellor e iso tamén se ve nas coplas, que con lixeiras variantes expresan a mesma idea. Seguindo esta orde presentamos as de Vasconcellos (1902: 219), Milà (1877: 64) e Quintáns (2000: III, 131):

Si fores a Santiago,
trarasme un santiaguíño;
si non mo trouxeres grandes,
traerásme pequeniño.

Si vas a Santiago
Cómprame un Santiaguíño
Non m'ó compres grande,
Compram'ó pequeniño.

Cando vaias a Santiago
comprarásme un Santiaguíño:
coida de mercarmo grande
anque coste un realiño.

Algunha hai que fai referencias xenéricas á asistencia a unha festa, que supoñemos podería ser a de Santiago (Paz Fernández 2007: 538):

Eí veñen os de Betanzos
eí veñen os de Ferrol,
eí veñen chegando todos,
para a festa do patrón,
para a festa do patrón, (bis),
eí veñen os de Betanzos
eí veñen os de Ferrol.

Sánchez Dopico achega un conxunto de versos moi semellantes a estes como retrouso da composición que titula “Foliada de Paderne” (1993: 257):

Ahi veñen os de Betanzos
ahi veñen os de Ferrol
nos vamos xuntando todos
para festa do Patron
para festa do Patron
Ahi veñen os de Betanzos
ahi veñen os de Ferrol

Mesmo hai algunhas coplas que fan referencia á Vía Láctea, ó camiño das estrelas. Esta foi recollida en Xallas (Quintáns Suárez 2000: III, 131):

Hai un carrelo de estrelas
que vai ó longo do ceo,
e que che leva a Santiago
pra gana-lo Xubileo.

E esta foi recollida dun colectivo de xubilados de Santiago (Paz Fernández 2007: 541):

Hai un carreiro de estrelas
que vai ó longo do ceo,
e que te leva a Santiago
para gañar o Xubileo.

Loxicamente, non podían faltar coplas sobre o Apóstolo, esta foi recollida do mesmo colectivo de xubilados compostelán (*Ibid.*: 536):

Bendito-los santiagueses
que souperon darse maña
para gardar no Libredón
o Santo patrón de España.

Sánchez Dopico (1993: 272) recolle unha composición titulada ‘Foliada de Santiago’ na que, xunto con outras, figuran dúas das coplas de tema compostelán que xa coñeciamos por separado:

“Foliada de Santiago”	
Si vas polas Praterías	
a rezar na Corticola ⁶	bis
Tomarás auga bendita	
nos Cabaliños de Pedra	bis

Retrouso

Polo Sar abaixo vai
unha troita de pe
corre que te corre, quén
a poidera coller
quén a poidera coller
quén a poidera pillar
a cabalo dela ir
a veiriña do mar.

Hai un carreiro de estrelas
que vai ó longo do ceo
e que te leva a Santiago
pra ganálo Xubileo

Retrouso

Polo Sar abaixo vai
unha troita de pe
corre que te corre, quén
a poidera coller
quén a poidera coller
quén a poidera pillar
a cabalo dela ir
a veiriña do mar.

Bendito-los Santiagueses
que souperon darse maña [bis]
pra gardar no Libredón
o Santo Patrón da España

ó Retrouso

Final

E por suposto, hai coplas sobre amores, coma esta recollida en 1867 por Marcial Valladares (Luna Sanmartín 2003: 95):

No camiño de Santiago
catro mozos me agardaban,
e soliña co meu mozo
eu na vila me paseaba.

Finalmente hai outras coplas nas que se fala da diversión á hora de camiñar, como esta que recollera contra 1869 Casal y Lois e da que hai variantes en varios cancioneros (2001: 158):

Camiño de Santiago,
Camiño fuliadeiro,
dium’o meu queridiño
de beber pol-o sombreiro.

⁶ Probablemente un erro de transcripción, faría referencia á igrexa de Santa María da Corticela, integrada na Catedral compostelá.

6. Conclusións

Como deixamos dito, é difícil facer un traballo exhaustivo de recollida de coplas e cántigas sobre as localidades que atravesaba o Camiño Inglés, pero pensamos que a mostra que amosamos pon de relevo a súa importancia como puntos de paso para camiñantes.

A tradición oral convértese así en auxiliar da historia e amósanos que as rutas xacobeas que hoxe coñecemos como Camiño Inglés seguiron vivas en terras galegas malia que as circunstancias das guerras e as políticas fixeron que durante séculos practicamente non as percorreran peregrinas e peregrinos procedentes das Illas Británicas ou doutros países europeos desde onde se achegaban por mar ós portos da Coruña e Ferrol.

Malia que son ducias os cancioneiros que recollen coplas e cántigas de distintas comarcas

de Galicia, constatamos que hai aínda moito labor por facer, pois á hora de elaborar o presente traballo non fomos quen de atopar composicións que fixeran referencia a localidades de Narón, Neda, Fene, Cabanas e Mesía e simultaneamente á súa condición de lugar de paso dun camiño.

Para pechar o noso texto escollemos uns versos que concentran varios dos temas que tratamos e que foron escritos polo poeta Xosé María Pérez Parallé, natural do barrio ferrolán de Canido, que na década de 1920 chegou a Santiago como estudante (Sánchez Dopico 1995: 587):

Po-la Porta do Camiño
achegueime a Compostela
estudante pelengriño,
na percura do aloumiño:
do verso, o cantar i-a estrela.

7. Referencias bibliográficas

- Anónimo (1919): “Santiago en las coplas”, *Ultreya. Revista quincenal de cultura galaica*. Arte 8, pp. 16-17.
- Blanco Pérez, Domingo (ed.) (1992): *A poesía popular en Galicia: 1745-1885*. Vigo: Xerais. Tomos I-II.
- Casal y Lois, José (1869): *Cantares gallegos. Recogidos por José Casal y Lois*. Inédito. Manuscrito depositado no Museo de Pontevedra.
- (2001): *Colección de cantares gallegos. Edición, introdución, notas e glosario por Domingo Blanco*. Santiago de Compostela / Pontevedra: Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua / Museo de Pontevedra.
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (2014): “Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés”, *Diario Oficial de Galicia* 178 (18/09/2014), https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140918/AnuncioG0164-120914-0001_gl.pdf [consulta: 31/12/2022].
- Ferreira Priegue, Elisa (1988): *Galicia en el comercio marítimo medieval*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Galipedia (2022): *Galipedia, a Wikipedia en galego*, <https://gl.wikipedia.org> [consulta: 31/12/2022].
- García, Rodri (2017): “Pastoriza, 130 anos de O Berce da Virxe”, *La Voz de Galicia* 18/09/2017, https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/coruna/betanzos/2017/09/18/pastoriza-130-anos-berce-da-virxe/0003_201709H18C3991.htm [consulta: 31/12/2022].
- González González, Manuel (dir.) (2012): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega, <https://academia.gal/diccionario#inicio.do> [consulta: 31/12/2022].
- Hermida Gulías, Carme (ed.) (2003): *Polo mar abaixo vai. Cantigas populares sobre o mar*. Santiago de Compostela: Positivas.
- Luna Sanmartín, Xosé (ed.) (2003): *Marcial Valladares Núñez. Cantigueiro popular*. A Estrada: Fundación Cultural da Estrada.
- Machado y Álvarez, Antonio (dir.) (1884): *Biblioteca de las Tradiciones Populares*. Sevilla: Alejandro Guichot y Compañía, Editores. Tomo IV.
- Milà y Fontanals, M (1877): “De la poesía popular gallega”, *Romania* 6/21, pp. 47-75.
- Neira Pereira, Henrique e Rosario Baleirón Sónora (ed.) (2010): *Coplas ulláns. Sin os airiños da Ulla, eu non sei cantar, eu non sei vivir*. Vedra: Asociación Raiceiros.
- Paz Fernández, Xosé (1998): *Nas beiras do Eume. 2ª parte do Cancioneiro popular eumés*. Pontedeume: Concello de Pontedeume.
- (2007): *Xebras eumesas. 3ª parte do cancionero popular eumés*. Pontedeume: Concello de Pontedeume.
- Pérez Ballesteros, José (1886): *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de la Coruña*. Madrid: Est. Tip. de Ricardo Fé. Tomos I-III.

- Quintáns Suárez, Manuel (2000): *Cancioneiro popular do Fisterra galego. 2500 cantareas comentadas e clasificadas por temas*. Noia: Toxosoutos. Tomos I-III.
- Saco Cid, José Luis (ed.) (1987): *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos. Recogidos por D. Juan Antonio Saco y Arce*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.
- Saco y Arce, Juan A. (1987). “Amarguras y Quejas”, en *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos, recogidos por Juan A. Saco y Arce*. Ourense: Deputación provincial de Ourense.
- Sánchez Dopico, Ramón (1993): *Cantar en Ferrol*. Ferrol: CIT Ciudad de Ferrol.
- (1995): *Cantar en Ferrolterra*. Ferrol: Carlos Perille Publicidad.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2017): *Cantar na Coruña. Cancioneiro coruñés dos séculos XVIII e XIX*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- Singul, Francisco (1999): *Historia cultural do Camiño de Santiago*. Vigo: Galaxia.
- Vasconcellos, José Leite de (ed.) (1902): “Vozes gallegas”, *Revista Lusitana* VII, pp. 198-229.
- Wey, William (1857): *The itineraries of William Wey, fellow of Eton College, to Jerusalem, a. D. 1458 and a. D. 1462, and to Saint James of Compostelle, a. D. 1456 : from the original manuscript in the Bodleian Library*. London: J. B. Nichols and sons.